

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 7 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B).

A Secretaría Xeral da Igualdade convocou para o ano 2022, a través da Resolución do 7 de marzo de 2022 (DOG número 52, do 16 de marzo), subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade a través dos seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (SI435B).
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A).
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (SI427B).

O artigo 10 da Resolución do 7 de marzo de 2022, que establece o prazo e a forma de presentación das solicitudes, indica que a presentación das solicitudes se realizará obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Así mesmo, no artigo 11 determínase a documentación que se xuntará ao anexo da solicitude.

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas ao abeiro da dita resolución de convocatoria pola unidade administrativa encargada da tramitación e a instrución dos procedementos, identificáronse aquelas que non reúnen a documentación necesaria, ben por non tela presentado, ben por conter erros, ou ben por non ser suficiente para a determinación do cumprimento dos requisitos exixidos para a súa posterior remisión á comisión encargada da súa valoración.



De conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o artigo 14 da citada resolución de convocatoria establece que se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, requirirase a entidade solicitante para que nun prazo de dez (10) días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, logo da correspondente resolución.

Así mesmo, o segundo parágrafo do artigo 14.1 da Resolución do 7 de marzo de 2022 establece que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda faranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Así mesmo, os requirimentos tamén se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Polo exposto,

DISPOÑO:

1. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva exixida segundo o establecido nas bases reguladoras. Esta relación figura como anexo desta resolución (anexo: requirimentos de emenda de documentación, SI435B, SI435A e SI427B).

2. Facer indicación expresa a todas as entidades solicitantes que figuran no anexo desta resolución de que son requiridas para que no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece nesta resolución, coa advertencia de que, de non o facer, se lles terá por desistidas da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 desta mesma lei.

3. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de emenda de documentación das solicitudes, poderán dirixirse á Secretaría Xeral da Igualdade a través da conta de correo promocion.igualdade@xunta.gal ou dos teléfonos indi-



cados no artigo 27 da resolución de convocatoria (procedemento SI435B: 981 54 53 12; procedemento SI435A: 881 99 91 63; procedemento SI427B: 981 54 53 56), ou presencialmente.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade

ANEXO

Requirimentos de emenda de documentación (SI435B, SI435A e SI427B)

a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (SI435B).

Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-144	Concello da Bola	1. Anexo III. Punto 3.2: indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo os ingresos. Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.6: medios persoais (non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal.
SI435B-2022-091	Concello da Cañiza	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 4.1: para os efectos da valoración da solicitude, deberán presentar unha aclaración indicando o número de horas dos módulos sobre a sensibilización en igualdade que se van a impartir.
SI435B-2022-029	Concello da Estrada	1. Anexo III. Punto 3.7: os gastos de coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-032	Concello da Lama	1. Anexo III debidamente cuberto.
SI435B-2022-172	Concello da Pastoriza	1. Indicar o nome da medida con respecto á que se atopa validada (Pastoriza concilia). 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.6: medios persoais: non se indica cales son as funcións que realizan nin o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable nin o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa. Punto 4.1: deberán relacionar unicamente os módulos ou actividades específicas en materia de sensibilización en igualdade, así como o número total de horas de cada módulo.
SI435B-2022-164	Concello da Pobra de Trives	1. Anexo I: no presentado non consta nin a contía dos custos directos de persoal nin a contía solicitada. 2. Anexo III. Punto 3.1: está sen cubrir. Punto 3.3: está sen cubrir. Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa.



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-150	Concello da Pobra do Brollón	1. Non ten medida de conciliación validada pola Secretaría Xeral da Igualdade. Presentar solicitude segundo procedemento SI910A. 2. Os datos do anexo III non se corresponden con ningunha medida validada.
SI435B-2022-036	Concello da Pobra do Caramiñal	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-165	Concello da Veiga	1. Anexo I e II: a contía dos custos directos de persoal e a contía solicitada non son coincidentes en ambos os dous anexos.
SI435B-2022-105	Concello das Neves	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de persoal de coordinación e dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-153	Concello das Pontes de García Rodríguez	1. Anexo III. Punto 3.2: indicar número de participantes na actividade desagregado por sexo. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.6: medios persoais (non está cuberto o nº de monitores/as, as funcións, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e a vinculación co concello). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Os gastos de dirección e coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-160	Concello de Abegondo	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela) e tamén indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo o ingresos. Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa.
SI435B-2022-098	Concello de Antas de Ulla	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de persoal de limpeza non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-123	Concello de Aranga	1. Anexo III. Punto 3.1: indicación das actividades a realizar con indicación das datas previstas de inicio e finalización, horario. Punto 4.1. Para os efectos da valoración da solicitude, deberán presentar unha aclaración indicando o número de horas dos módulos ou actividades específicas sobre a sensibilización en igualdade que se van impartir.
SI435B-2022-096	Concello de Arbo	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de coordinación non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-102	Concello de Bande	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-076	Concello de Barbadás	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.1: deberase indicar a temporalidade e o horario das actividades en período non lectivo. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-137	Concello de Barreiros	1. Anexo II. 2. Anexo III. Punto 2: indicar o número de persoas participantes. Punto 3.1: duración das actividades con indicación das datas previstas de inicio e finalización, horario, xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-087	Concello de Becerreá	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal.
SI435B-2022-053	Concello de Bergondo	1. Anexos I e II: a contía da subvención solicitada non coincide. 2. Anexo III. Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa.
SI435B-2022-004	Concello de Boborás	1. Anexo III. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir). Punto 3.7: os gastos de xerencia e coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-107	Concello de Boimorto	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de persoal de coordinación e dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-175	Concello de Bóveda	1. Anexo III. Punto 3.1: deberán describir cada unha das medidas, con indicación das datas previstas de inicio e finalización e horarios. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela) e indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo o ingresos. Punto 3.6: medios persoais: non se indica cal é o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable nin o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (eliminar os gastos correspondentes á técnica de cultura, xa que se trata de gastos de coordinación e xestión que non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-046	Concello de Cabana de Bergantiños	1. Anexos I e II: a contía solicitada non pode ser superior ao total de custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo o ingresos.
SI435B-2022-117	Concello de Cabanas	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal.
SI435B-2022-129	Concello de Caldas de Reis	1. Anexo I: indicar se o programa de conciliación percibe algún tipo de ingresos, por axuda ou taxas. 2. Anexo III: remitir debidamente cuberto.
SI435B-2022-014	Concello de Cambre	1. Anexo III. Punto 3.7: os gastos de coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-088	Concello de Cangas	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-052	Concello de Carballeda de Avia	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal.
SI435B-2022-127	Concello de Cariño	1. Anexo III. Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade.
SI435B-2022-037	Concello de Carnota	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-148	Concello de Castrelo de Miño agrupado con Arnoia	1. Anexo I: indicar o nome da medida con respecto á que se atopa validada (Castrelo concilia). 2. Anexo III. Punto 3.1: concretar as datas de inicio e fin da actividade así como o horario e xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.6: medios persoais (non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal.
SI435B-2022-001	Concello de Castrelo do Val	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo.
SI435B-2022-170	Concello de Castro Caldelas	1. Anexo III. Punto 3.6: medios persoais: non se indica cales son as funcións que realizan, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, nin o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa.
SI435B-2022-005	Concello de Castroverde	1. Anexo I: o importe máximo dos custos directos de persoal é de 40.000 €. Ademais, a contía solicitada non pode ser superior ao total de custos directos de persoal.
SI435B-2022-143	Concello de Cedeira	1. Anexo III. Punto 2: indicar o número de persoas participantes desagregados por sexo. Punto 3.1: duración con indicación das datas previstas de inicio e finalización, horario. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo os ingresos. Punto 3.3: indicación da persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.6: medios persoais (non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. O importe total deberá coincidir co indicado nos anexos I e II. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-054	Concello de Cee	1. Anexo III. Punto 3.7: os gastos de coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-145	Concello de Celanova	1. Anexo III. Punto 3.1: xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso. Punto 3.6: medios persoais (non están cubertos os datos da denominación do posto de traballo, sinalando respecto de cada un deles o perfil, as funcións que realizan, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Os gastos de coordinación e dirección que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-090	Concello de Cenlle	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal.
SI435B-2022-085	Concello de Cerceda	1. Anexo I: deberase indicar os custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal.
SI435B-2022-065	Concello de Cerdedo-Cotobade	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal.
SI435B-2022-043	Concello de Chantada	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.1: xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de persoal de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9). Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-033	Concello de Coles	1. Anexo III. Punto 3.1: indicar a data de inicio e remate da actividades.
SI435B-2022-154	Concello de Cortegada	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa.
SI435B-2022-161	Concello de Covelo	1. Anexo II.
SI435B-2022-045	Concello de Cuntis	1. Anexo III. Punto 3.7: os gastos de coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-109	Concello de Dodro	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de persoal de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-176	Concello de Dozón	1. Anexo II: o presentado non é válido xa que ten cambios despois de ser asinado. 2. Anexo III: o presentado non é válido xa que ten cambios despois de ser asinado. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-062	Concello de Esgos	1. Anexo I: non consta a contía da subvención solicitada. 2. Anexo III. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-125	Concello de Folgoso do Courel	1. Anexo III. Punto 3.1: actividade que se vai realizar, duración dela con indicación das datas previstas de inicio e finalización, horario. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela) e tamén indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo os ingresos. Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-026	Concello de Forcarei	1. Anexo III. Punto 3.7: os gastos de coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-031	Concello de Frades	1. Anexo III. Punto 3.6: medios persoais (non está cuberto o nº de monitores/as, as funcións, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable e a vinculación co concello). Punto 3.7: Desagregación dos custos directos de persoal. Teñan en conta que os gastos de coordinación que figuran no anexo III, punto 3.6, non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-166	Concello de Friol	1. Anexo II: o presentado non é válido xa que ten cambios despois de ser asinado. 2. Anexo III: o presentado non é válido xa que ten cambios despois de ser asinado. Punto 3.2: indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo os ingresos. Punto 3.6: medios persoais: non se indica cales son as funcións que realizan, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, nin o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-058	Concello de Guitiriz	1. Anexo II: o que envían non está asinado e non se corresponde co procedemento SI435B (Programa de fomento da conciliación). 2. Anexo III. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-168	Concello de Guntín	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa.
SI435B-2022-163	Concello de Larouco	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela) e tamén indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo os ingresos. Punto 3.3: deberán indicar cal e o sistema de organización, xestión e seguimento da medida realizada directamente polo concello, con indicación da/s persoa/s responsable/s. Punto 3.6: medios persoais: non se indica cales son as funcións que realizan, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, nin o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7. Desagregación dos custos directos de persoal: se é o caso, deberán descontar os gastos de coordinación, xa que non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-094	Concello de Leiro	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-041	Concello de Lobios	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.1: indicar a data de inicio e remate da actividades. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-126	Concello de Lousame	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-124	Concello de Maceda	1. Anexo III. Punto 3.1: indicación das actividades con indicación das datas previstas de inicio e finalización, horario. Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade.
SI435B-2022-167	Concello de Manzaneda	1. A medida de conciliación validada por esta SXI «Servizo de Conciliación Familiar» non inclúe o programa de actividades «concilia verán: creando en igualdade». Se queren incluír este programa na subvención, deben solicitar unha modificación da medida xa validada. 2. Indicar o nome da medida con respecto á que se atopa validada (Servizo de Conciliación Familiar). 3. Anexo I e II: a contía dos custos directos de persoal e a contía solicitada non son coincidentes en ambos os dous anexos. 4. Anexo II: non está cuberto o punto 1.g). 5. Anexo III. Punto 3.1: deberán describir cada unha das medidas, con indicación das datas previstas de inicio e finalización. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.6: medios persoais: non se indica cales son as funcións que realizan nin o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable.
SI435B-2022-099	Concello de Maside	1. Anexo III. Punto 3.1: indicar a o horario da actividade de verán.
SI435B-2022-115	Concello de Mazaricos	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal.
SI435B-2022-055	Concello de Meaño	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal.
SI435B-2022-081	Concello de Melón	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-130	Concello de Mesía	1. Anexo III. Punto 2. Indicar número de participantes menores desagregado por sexo. Punto 3.1: duración das distintas actividades con indicación das datas previstas de inicio e finalización e horario, xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realizan as actividades, de ser o caso. Punto 3.2: indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo os ingresos. Deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de coordinación e de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-072	Concello de Miño	1. Anexo III. Punto 3.1: indicar a temporalidade e horario da actividade. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-177	Concello de Mondariz	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa monitora.
SI435B-2022-152	Concello de Mondariz Balneario	1. Anexos I e II: indicar o importe dos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.1: duración da actividade con indicación das datas previstas de inicio e finalización, horario, xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso. Punto 3.2: indicar que o sistema de selección das persoas participantes é segundo os ingresos.



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-132	Concello de Monterrei	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Os gastos de dirección e coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-131	Concello de Monterroso	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Os gastos de dirección e coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-049	Concello de Moraña	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo. Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.6: medios persoais (non está cuberto o nº de monitores/as, as funcións, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir). 2. Para os efectos da valoración da solicitude, deberán presentar unha aclaración indicando o número de horas dos módulos ou actividades específicas sobre a sensibilización en igualdade que se van impartir.
SI435B-2022-138	Concello de Mugarbos	1. Anexo III. Punto 3.1: xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso.
SI435B-2022-135	Concello de Muíños	1. Anexo III. Punto 3.1: xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso.
SI435B-2022-169	Concello de Muras	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-146	Concello de Negreira	1. Anexo III. Punto 3.1: concretar as datas de inicio e fin da actividade. Xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Os gastos de dirección e coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-101	Concello de Ourense	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal.
SI435B-2022-092	Concello de Outeiro de Rei	1. A medida de conciliación validada por esta SXI «Programa municipal de conciliación familiar e apoio á educación» inclúe o programa de actividades realizado en Nadal, Semana Santa e verán (agás mes de agosto). Se queren incluír na subvención as actividades realizadas o 11.10.2021 e o 7.12.2021 e entroido deben solicitar unha modificación da medida xa validada.
SI435B-2022-159	Concello de Outes	1. Anexo I: presentou dous anexos nos que os datos relativos ás achegas das persoas participantes son distintos, polo que deberán presentar un novo anexo I, asinado polo representante legal do concello, cos datos definitivos a ter en conta para a subvención. 2. Anexo III. Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o dato das persoas traballadoras contratadas para o desenvolvemento da medida (senalando respecto de cada unha delas: o perfil, funcións que realizan, período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable).
SI435B-2022-142	Concello de Oza-Cesuras	1. Deberán aclarar cal é o importe de gastos directos de persoal, xa que non coincide o indicado no anexo II cos anexos I e III.



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-080	Concello de Padrenda	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de coordinación non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9). Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-173	Concello de Pantón	1. A medida de conciliación para a cal solicita a axuda non está validada pola Secretaría Xeral da Igualdade, polo que deberán presentar a solicitud de validación a través do procedemento SI910A. 2. Anexo II. 3. Anexo III. Punto 3.1: deberán describir en que consiste a medida de conciliación. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (eliminar os gastos correspondentes á coordinación das actividades, xa que se trata de gastos de que non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9). Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-010	Concello de Petín	1. Anexo III. Punto 3.7: os gastos de dirección que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-061	Concello de Poio	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-017	Concello de Pol	1. Anexo III. Punto 3.1: descrición da actividade, datas de inicio e fin, horario... (sen cubrir). Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (teñan en conta que os gastos de coordinación non teñen a consideración de custos directos de persoal polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-047	Concello de Ponteceso	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (sen cubrir). Lembren que os gastos de coordinación dos que falan no punto 3.6 non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que non os deben incluír (artigo 9).
SI435B-2022-113	Concello de Pontecesures	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.3: sistema de organización, completar e a indicar a persoa do concello responsable da actividade.
SI435B-2022-035	Concello de Porqueira	1. Anexo III. Punto 3.1: indicar a data de inicio e remate da actividades.
SI435B-2022-022	Concello de Porto do Son	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.6: medios persoais (non está cuberto o nº de monitores/as, as funcións, o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable así como o número de horas dedicadas ao programa). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal.



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-162	Concello de Portomarín	1. Anexo II: o presentado non é válido xa que ten cambios despois de ser asinado. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (eliminar os gastos correspondentes á traballadora social, xa que se trata de gastos de coordinación que non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-157	Concello de Rábade	1. Anexo I: presentou dous anexos nos que a contía solicitada non é coincidente, polo que deberán presentar un novo anexo I, asinado polo representante legal do concello, cos datos definitivos a ter en conta para a subvención. 2. Indicar o nome da medida con respecto á que se atopa validada (Rábade concilia). 3. Anexo III.
SI435B-2022-111	Concello de Ramirás	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-089	Concello de Redondela	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de coordinación non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-068	Concello de Rianxo	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de limpeza e conserxería non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-158	Concello de Rodeiro	1. Aclaración sobre se a medida/programa de conciliación para a cal solicita a subvención é a que está validada pola Secretaría Xeral da Igualdade. 2. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (eliminar os gastos correspondentes á educadora familiar, xa que se trata de gastos de coordinación e xestión que non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-038	Concello de Rois	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de persoal de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-139	Concello de San Xoán de Río	1. Anexo III. Punto 3.5: medios materiais (sen cubrir). Punto 3.3: indicar persoa do concello responsable das actividades. Punto 3.7: desagregación de gastos de persoal. O importe non coincide co indicado no anexos I e II.
SI435B-2022-116	Concello de Sandiás	1. Anexo I: o importe da subvención solicitada non pode ser superior aos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela).
SI435B-2022-155	Concello de Santa Comba	1. Anexo I: o total dos custos directos de persoal e a contía solicitada non coincide coas contías indicadas no anexo II. 2. Anexo III. Punto 3.6: medios persoais: non está cuberto o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable, así como o número de horas dedicadas ao programa.



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-025	Concello de Santiso	1. Anexo III. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-006	Concello de Sarria	1. Anexo III. Punto 3.1: non queda claro cales son as datas previstas de inicio e finalización e o horario de cada unha das actividades. Punto 3.7: os gastos de coordinación que figuran no anexo III non teñen a consideración de custos directos de persoal, polo que deberán revisar a contía total e eliminalos do seu cómputo (artigo 9).
SI435B-2022-019	Concello de Sober	1. Anexo III. Punto 3.1: revisen a data da actividade. Non se leva a cabo no período subvencionable. Puntos 3.3 e 3.6: revisen as datas das contratacións. Non se levan a cabo no período subvencionable. Punto 3.7: o importe total dos custos directos de persoal non coincide co indicado nos anexos I e II.
SI435B-2022-015	Concello de Soutomaíor	1. Anexo III. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela). Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal.
SI435B-2022-051	Concello de Taboada	1. Anexo III. Punto 3.1: deberase indicar en que consiste a actividade, así coma a súa duración con indicación das datas previstas de inicio e finalización e do horario.
SI435B-2022-171	Concello de Taboadela	1. Indicar o nome da medida con respecto á que se atopa validada (concilia Taboadela). 2. Anexo III. Punto 3.1: deberán describir cada unha das medidas, con indicación das datas previstas de inicio e finalización e horarios. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela) e indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo o ingresos. Punto 3.6: medios persoais: non se indica cales son as funcións que realizan nin o período de inicio e fin da contratación dentro do período subvencionable nin o número de horas dedicadas ao programa. Punto 3.7: Desagregación dos custos directos de persoal (eliminar os gastos correspondentes á coordinación das actividades, xa que se trata de gastos de que non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-021	Concello de Toén	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal. Deben cubrir o custo individual de cada persoa monitora e custo total.
SI435B-2022-023	Concello de Tordoia	1. Anexo I. A contía solicitada non pode ser superior ao total de custos directos de persoal.
SI435B-2022-067	Concello de Touro	1. Anexo III. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9).
SI435B-2022-118	Concello de Trabada	1. Anexo III. Punto 3.1: indicar a data de inicio e remate da actividades. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela) e tamén indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo o ingresos. Punto 3.3: indicar a persoa do concello responsable da actividade. Punto 3.7: desagregación dos custos directos de persoal (os gastos de persoal de dirección non teñen a consideración de custos directos de persoal (artigo 9). Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-103	Concello de Tui	1. Anexo III. Punto 3.1: indicar o horario da actividade.



Nº expte.	Entidade local (por orde alfabética)	Documentación requirida
SI435B-2022-174	Concello de Val do Dubra	1. Anexos I e II: a contía solicitada non pode exceder os 18.000 euros. 2. Anexo III.
SI435B-2022-149	Concello de Valdoviño	1. Anexo III. Punto 3.1: concretar as datas de inicio e fin da actividade así como o horario e xustificación da perspectiva de xénero con base na cal se realiza a actividade, de ser o caso.
SI435B-2022-110	Concello de Vedra	1. Anexo III. Punto 4.2: compromiso de incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal (sen cubrir).
SI435B-2022-122	Concello de Verea	1. Anexo I e anexo II: a contía solicitada non pode ser superior o total dos custos directos de persoal. 2. Anexo III. Punto 2: aclarar o número de participantes. Punto 3.2: deberase indicar o número de persoas proxenitoras desagregado por sexo (computarase soamente a unha delas, preferentemente a nai ou persoa que teña a tutela) e tamén indicar que o sistema de selección das persoas participantes no programa de conciliación é segundo o ingresos.
